



**O CURSO ESCOLAR ARRANCA EN NIGRÁN CON TÓDALAS MELLORAS
COMPROMETIDAS POLO CONCELLO NOS COLEXIOS MENTRAS QUE A
XUNTA ELUDE UNHA VEZ MÁIS AS SÚAS**

**Os 400 alumnos do IES Val Miñor regresan as aulas sen a substitución dos
teitos de fibra de vidro e amianto que o organismo autonómico sinalara
como "prioridade"**

**O Concello inviste 20.000 euros en obras, entre elas a renovación do
comedor do Carlos Casares ou a reparación do pavillón Humberto Juanes**

Nigrán, 13/09/16.- O curso escolar arranca en Nigrán con tódalas obras de mellora nos colexios públicos comprometidas dende o Concello completamente finalizadas. O consistorio investiu este verán un total de 20.000 euros nos diferentes centros, todas elas reformas moi necesarias que se reclamaban dende a propia dirección dos centros e que foron realizadas nas vacacións para non interferir no curso dos preto de 2.000 alumnos de todo Nigrán.

Entre as melloras feitas dende o Concello destaca a posta a punto do pavillón do CEIP Humberto Juanes de Nigrán por 4.100 euros ou o mantemento da caldeira e equipos calefactores por 1.089 euros/ano; en Mallón asfaltouse o parking e se fixo unha rampla de acceso, mentras que na unitaria de Panxón se repararon integralmente dúas aulas con problema de humidades. Ademáis, en Vilariño operarios municipais reformaron por completo o comedor para ser máis accesible e cómodo para os alumnos, retirando para elo un escenario antigo. Finalmente, no CEIP de A Cruz (Camos) mudáronse tódalas



portas de acceso ao centro, ademáis do peche perimetral do espazo deportivo ou as canaletas.

"Dende o Concello cumprimos escrupulosamente coas nosas obrigas porque sí cremos na ensinanza pública, sen embargo, resulta moi revelador que a Xunta aínda non levase a cabo o cambio dos teitos de amianto e fibra de vidro do IES Val Miñor, obra que anunciaran como prioritaria trala denuncia da Inspección de Traballo, Concello, pais e docentes", sinala o alcalde, quen lamenta que "un novo curso, os preto de 400 alumnos e 36 docentes do instituto teñan que expoñerse a elementos canceríxenos". A propia Inspección de Traballo otorgou o ano pasado tres meses para que a Xunta tomase medidas ao respecto, sen embargo, como se denunciou dende o Concello, pese a dicir que o consideraban unha obra "prioritaria", nin sequera os orzamentos de 2016 conteñen unha partida adicada a este cambio.